



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 3 DE XULLO DE 2020

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela (participación telemática).

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaria-Interventora:

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dez horas, do 3 de xullo de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1. Proposta aprobación proxecto “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas (A Coruña). Clave: OH. 315.1073.

Sometida a ratificación a inclusión do asunto na orde do día é aprobada por unanimidade dos asistentes (11 votos).

Obra no expediente a proposta que, de seguido, se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Aprobación do proxecto “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas. (A Coruña). Clave: OH.315.1073, redactado por Augas de Galicia.



Con data 25/05/2020, con rexistro de entrada 2020-E-RC-865, recíbese comunicación de Augas de Galicia, na que se expoñen, entre outros, que mediante Resolución do 23.05.2020 acordouse o 100% do financiamento da actuación “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas (A Coruña). Clave: OH.315.1073. Co fin de tramitar o expediente para proceder á execución das obras e, de acordo co Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2020, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, modificado polo Decreto 1/2015 do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, faise necesario que por parte do Concello de Cabanas se remita acordo plenario nos termos que se fan constar no citado escrito.

Polo exposto anteriormente esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do proxecto da obra “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas (A Coruña). Clave: OH.315.1073, unha vez rematado o trámite de información pública.

SEGUNDO.- Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

TERCEIRO.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

CUARTO.- Comprometerse ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

QUINTO.- Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

SEXTO.- Poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

O **Alcalde** explica que se trata da Fase II da actuación que vai a realizar Augas de Galicia e límitanse a seguir o procedemento por eles establecido.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que quere simplemente mencionar que esa actuación quedou, practicamente rematada polo seu goberno e gustaríalle saber a que se debe o retraso, porque di que case perden a subvención.

O **Alcalde** explica que houbo unha variación importante do proxecto, como xa se lles explicou no mes de decembro, excluíuse a Pontedeume, o que xa supuxo unha demora, ao que se suma o parón polo COVID, pero ao marxe diso non existiu ningún outro problema e seguiron os tempos que lles marcaron os técnicos de Augas de Galicia.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que non entenden como un proxecto do 2019, que xa estaba encarreirado, non se fixera nada con el durante un ano, tendo en conta que o tema do COVID foron so catro meses; di que entende que tiveran que pedir as autorizacións , pero cre que deben adoptar medidas e facer as cousas ben dende o primeiro día, di que por parte do seu grupo están de acordo en que o tema do saneamento é prioritario, pero pide que teñan mais dedicación con este tipo de asuntos e anuncia que o seu voto será favorable.

Ábrese a segunda quenda de intervencións e ten a palabra a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que non lles serve de excusa o tema do COVID porque tiveron tempo de sobre e di que, a realidade é que chegan moi xustos con este tema e tamén con outras subvencións que se perderon e di que, dende a Xunta, pregúntanlles que pasa co equipo de goberno, se é inexperiencia, deixadez, ineficacia... e di que, polo de agora, non saben cales son os motivos, pero considera que o tempo o dirá.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O **Alcalde** di que, para empezar, o equipo de goberno anterior, nin sequera o tiña exposto ao público, e houbo que comezar por aí, pero ademais di que non incumpriron ningún prazo e seguiron, en todo momento, as indicacións de Augas de Galicia.

Solicita a palabra o concelleiro **Iago Varela Martínez** que di que quere facer unha puntualización e é que entende que o PP estea en campaña, pero considera que hai que dicir a verdade, que é que non existiu risco algún de perda da subvención.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos asistentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do proxecto da obra “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas (A Coruña). Clave: OH.315.1073, unha vez rematado o trámite de información pública.

SEGUNDO.- Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

TERCEIRO.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

CUARTO.- Comprometerse ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

QUINTO.- Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

SEXTO.- Poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

2. Ratificación solicitude participación Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ Adicional 2/2020, da Deputación provincial da Coruña”.

Sometida a ratificación a inclusión do asunto na orde do día é aprobada por unanimidade dos asistentes (11 votos).

Obra no expediente a proposta que, de seguido, se transcribe:

PROPOSTA ALCALDÍA

Visto a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020, para regular o POS+ Adicional 2/2020, para gasto corrente/investimentos financeiramente sostibles, polo que se concede ao Concello de Cabanas unha subvención por importe de 86.027,34 euros.

Visto o proxecto “Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade do cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento de 202.451,28 euros e 42.514,77 euros de ive, o que importa un total de 244.966,05 euros.



Visto que por Resolución da Alcaldía 637/2020, de data 30 de xuño de 2020, acórdase a solicitude de participación no POS+ Adicional 2/2020, da Deputación Provincial da Coruña, establecendo no seu punto oitavo dar traslado da mesma ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación.

Polo exposto anteriormente esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación acordo de ratificación da Resolución da Alcaldía 637/2020, de data 30 de xuño de 2020:

Primeiro. Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2020”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade do cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €
TOTAL	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €

Aprobar o proxecto da obra que non estaban incluído no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relaciona nesta táboa.

C) Resumo.

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes			
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €
TOTAL	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €

Segundo. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Terceiro. O Concello de Cabanas comprométese a incluír no orzamento do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á chega municipal dos investimentos incluídos na anualidade 2020, se a houbera.

Cuarto. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto. Declarar que o Concello non solicita nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total no supera o 100% do seu importe.

Sexto. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Socia.

Sétimo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Oitavo. Dar traslado da presente resolución ao Pleno da Corporación na propia sesión que se celebre, para a súa ratificación.”

O **Alcalde** explica que, aproveitando o POS+ Adicional, vaise a solucionar un problema de verteduras incontroladas, reparar parte da canalización danada, así como reparar beirarrúas e poñer un acceso peonil na rúa Areal.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que unha vez mais cre que chegan moi xustos e gustaríalle dicirlle ao concelleiro Iago Varela Martínez que todo están en campaña electoral, o BNG tamén, e a realidade é que chegan moi xustos de prazo e incluso tarde, e iso considera que non ten nada que ver coa campaña electoral e deberían recoñecelo. A concelleira solicita tamén que lles aclaren en que situación queda o hotel Sarga e as vivendas do arredor.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** intervén a continuación para dicir que hai varios partidos facendo campaña, como cre que se pode ver, excepto o seu que di que continúa a facer campaña polos veciños de Cabanas. O concelleiro continúa dicindo que teñen clara unha cuestión e é que o primeiro que deberían facer é resolver o problema do propio río e a contaminación dos bancos marisqueiros, porque di que o que pretenden resolver son problemas menores, entón di que, cando lles aclaren como está o saneamento nesa zona, que lles gustaría velo e buscar unha solución entre todos, partindo do río, no que non están de acordo e en poñer parches e invita a ao equipo de goberno a que se lle poñan a traballar.

O **Alcalde** di que a situación é que as vivendas do arredor e o hotel quedarán conectadas ao saneamento e despois di que, efectivamente, hai mais verteduras nesa zona, pero os técnicos ofrecéronlles esa solución inicial coa que, segundo criterio técnico, as verteduras maioritarias quedan resoltas todas, salvo algún caso puntual.

Solicita a palabra o concelleiro **Iago Varela Martínez** por alusións e di que se o tema chega tarde, será culpa do Partido Popular, que estiveron doce anos gobernando e podían ter feito o proxecto, proxecto que di que considera que é unha gran idea e que solventa un problema grande.

A concelleira **Elena Arias Martínez** pide a palabra para dicir que non quere entrar en polémicas co concelleiro Iago Martínez Varela, pero non cre que sexa moi acertado xustificar que chegan xustos a unha subvención por culpa do Partido Popular, e en canto ás manifestacións do alcalde de que so quedan casos puntuais, parécelle, directamente, ofensivo .

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que quere dicir que o gran fleco que queda solto é o río, pero o equipo de goberno non quere falar del, porque están en campaña, de aí a importancia que ten ter fidelidade ao que se di e cumprilo e de aí tamén que a xente desconfie do seu goberno.



O **Alcalde** di á concelleira Elena Arias Martínez que se tantas cousas quedaban pendentes, tiveron doce anos de goberno para resolvelas e, en canto a que chegaron xustos, non llo admite, presentaron a solicitude o último día, en forma e prazo e iso porque é un proxecto moi complexo, no que houbo que poñer de acordo a moitas persoas.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos asistentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Primeiro. Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2020”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	


B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Conexión da rede de saneamento, reparación de augas pluviais no entorno do parque do Areal e humanización e accesibilidade do cruce Avenida do Areal e Travesía do Areal	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €
TOTAL	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €

Aprobar o proxecto da obra que non estaban incluído no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relaciona nesta táboa.

C) Resumo.

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes			
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €
TOTAL	86.027,34 €	158.938,71 €	244.966,05 €





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Segundo. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro. O Concello de Cabanas comprométese a incluír no orzamento do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade 2020, se a houbera.

Cuarto. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total no supera o 100% do seu importe.

Sexto. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Socia.

Sétimo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Oitavo. Dar traslado da presente resolución ao Pleno da Corporación na propia sesión que se celebre, para a súa ratificación.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as dez horas e vinte minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

